

XAVIER VALIÑO PERIODISTA MUSICAL E INVESTIGADOR

«As tropelías e tonterías que fixo a censura son para rir un bo anaco»

Xavier Valiño García (Cospeito, 1956) estaba intrigado polas diferenzas entre a edición nacional e a estranxeira dalgúns discos dos 60 e os 70. Despois de 10 anos de investigacións aproveitou esa curiosidade para a súa tese de doutoramento e hoxe as 18.00 horas na sala Dublín de Carballo presenta o resultado, a obra *Veneno en dosis camufladas*.

—¿Onde acadou toda esa información sobre a censura?

—Ninguén estudara iso e, despois de moito buscar atopei nun arquivo de Madrid os partes dos censores coas súas opinións sobre as 4.400 cancións e as 150 portadas que censuraron nos anos 60 e 70. Algunhas desas portadas son as que vou levar a presentación porque as tropelías e tonterías que fixo a censura son para rir un bo anaco cando comparas as dúas edicións.



Valiño é doutor en Ciencias Políticas pola Universidade de Santiago de Compostela.

—¿Quen a sufriu máis, os autores aquí ou os estranxeiros?

—En volume, os estranxeiros porque os nacionais tiñan a oportunidade de consultar antes e facer cambios. Os de fóra, evidentemente, non ían cambiar unha canción só para o mercado español.

—¿Metíanlle moitos goles?

—Goles e non goles, porque no caso dos estranxeiros non había intencionalidade algunha porque eles non pensaban na censura española. Hai unha canción de Lou Reed na que di que está esperando ao camelo con 26 dólares para heroína nunha esquina de Harlem e pasou.